



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONSORCIOS

#### CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

*Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 01-23 de aprobación polo pleno*

##### ANUNCIO

Mediante o presente ponse en público coñecemento aos efectos que se indicará que o Pleno do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, en sesión realizada o día 24 de novembro de 2023, aprobou inicialmente o expediente de Modificación de Créditos M.C. 01/23 (PL) sobre o Orzamento de 2023, de créditos extraordinarios por importe de 850.873,57 € e suplemento de crédito por importe de 95.400,00 € financiados, por conta do remanente de tesourería para gastos xerais procedente da Liquidación do Orzamento de 2022; polo que tal e como prevé o art. 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dito expediente queda de manifesto na Secretaría-Intervención desta Entidade, para que durante o prazo de quince días hábiles (contados desde o primeiro, tamén hábil, seguinte ao da presente publicación), poida examinarse e, no seu caso, presentarse polos interesados as reclamacións que estimen oportunas de conformidade co previsto, a eses efectos, polo art. 170 do indicado texto legal.

O citado acordo de aprobación inicial quedará elevado automaticamente a definitivo de non se presentar reclamacións, entrando en vigor coa publicación á que fai referencia o art. 169.3 do citado Texto legal. Caso de presentarse reclamacións, resolveranse no prazo dun mes polo pleno desta Entidade, procedéndose, de seguido á indicada publicación.

Carballo, 24 de novembro de 2023

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso

2023/9362